

MANIFESTO 8M: DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2024

O Concello de Viana do Bolo súmase un ano máis á reivindicación do Día Internacional da Muller e reitera o seu firme compromiso coa plena igualdade entre mulleres e homes, cuestión fundamental para avanzar na nosa sociedade e na democracia, adheríndose ao lema proposto pola ONU para este ano: **'Investir en mulleres: acelerar o progreso'**.

Para conseguir economías prósperas e un planeta saudable é fundamental conseguir a igualdade de xénero e o benestar das mulleres en todos os ámbitos, e isto só é posible mediante un financiamento xusto e suficiente en materia de xénero que permita eliminar as barreiras actuais como os teitos de cristal, as desigualdades salariais, a falta de corresponsabilidades familiares, desigualdades no reparto da riqueza, etc.)

O actual sistema económico mundial afecta de forma desproporcionada ás mulleres, polo que é urxente e prioritario pasar a unha economía e unha sociedade solidaria para evitar que, segundo as previsións, máis de 342 millóns de mulleres e nenas vivan na pobreza en 2030.

O 8 de marzo é unha data salientable no calendario internacional para lembrar que a desigualdade de xénero aínda é unha realidade en todo o mundo e que, aínda que foron moitos os logros (tamén no noso país), quedan moitas inxustizas por superar.

Todos os seres humanos somos iguais ante a lei e debemos ter a opción de gozar de idénticas oportunidades para desenvolver as nosas capacidades e talentos. Ao longo da historia houbo que romper moitas barreiras para acadar estes obxectivos de igualdade nos que se mantivo oculto sen motivo xustifico o talento dunha parte importante da poboación. Diso somos conscientes os gobernos locais, administracións

moi próximas á cidadanía, que soubemos e sabemos valorar a importancia que teñen as mulleres na sociedade.

Por iso, día a día, coa xestión local constrúese nos concellos unha sociedade máis igualitaria que tenta dar solucións aos problemas de emprego, conciliación, mobilidade, orzamento, e moitas outras cuestións que permitan falar de igualdade real e eficaz.

Por outra banda, a realidade demostra que as reformas legais non son suficientes para obter a tan desexada igualdade. Tamén que a igualdade de xénero non é cousa dun día, nin dun mes, senón que ten que ser un compromiso ineludible de toda a cidadanía no seu conxunto para consolidar os dereitos conseguidos e para seguir camiñando por camiños de igualdade entre todas as persoas.

O obxectivo común debe ser a consecución dun mundo libre de violencia, emprendedor e solidario, unha sociedade produtiva, colaborativa, corresponsable, conciliadora, xusta, en definitiva, unha sociedade en liberdade.

Porque acadar a igualdade é cousa de TODAS E TODOS!!